



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 3 DE XUÑO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de xuño de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e oito de maio de dous mil trece (extraordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRA E APERTURA PROVISIONAL RIB/N/87/12.-**

Visto o escrito de Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Deaño, onde solicita Licenza de Obra e apertura provisional para “despacho profesional de masaxista”, na Rúa Progreso nº 50 (Ref. Catastral 07246/08), en Ribadavia, segundo documentación técnica presentada.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 13 de maio de 2013 no que se dí o seguinte:

*“Na visita de comprobación, realizada con data do 13 de maio de 2013, obsérvase que o local se axusta á citada Documentación Técnica e a normativa vixente.*

*Sen embargo, compróbase que se realizaron as obras solicitadas consistente no cambio de carpintería exterior de aluminio anodizado en cor dourada por outra de ferro pintada en cor verde escura, así como se eliminaron as persianas exteriores nos ocos cara á rúa Progreso, e se pintaron os paramentos verticais interiores e teitos.*

*As citadas obras realizadas sen que esta técnico teña coñecemento da concesión da Licenza de Obras, valóranse en 2.500 € (dous mil cincocentos euros).*

*Por todo elo, infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Actividade solicitada”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licencia de obras para o cambio de carpintería exterior de aluminio anodizado en cor dourada por outra de ferro pintada en cor verde escura, eliminación das persianas exteriores nos ocios cara a rúa Progreso, e pintura dos paramentos verticais interiores e teitos a Dona M<sup>a</sup> José Rodríguez Deaño na Rúa Progreso nº 50, baixo, en Ribadavia.
2. Conceder licencia de apertura provisional para despacho profesional de masaxista debendo satisfacer a cantidade de 293,37 euros, en concepto de taxa por licencia de apertura.

### 1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.


En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

### 2.- Condicións particulares:

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** o cambio de carpintería exterior de aluminio anodizado en cor dourada por outra de ferro pintada en cor verde escura,



eliminación das persianas exteriores nos ocios cara a rúa Progreso, e pintura dos paramentos verticais interiores e teitos

**Contía na que se orzan as obras:** 2.500,00 €.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Progreso nº 50, baixo, en Ribadavia.

**Redactor da documentación técnica:** Don Amando Canitrot Pérez.

**Nome ou razón social do promotor:** Don M<sup>a</sup> Jose Rodríguez Deaño.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 20/04/2012, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 42,00 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 2.500,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 23,00 euros.

Importe execución material / coste da obra:	2.500,00 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	65,00 €	
Aboado por autoliquidación:	42,00 €	20-04-12
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	<b>23,00 €</b>	

**Outras condicións:**

- As obras deberán axustarse a documentación técnica aportada o expediente.
- Unha vez rematadas as obras notificarase ó Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Apertura.


**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

**ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Don Luis Fidalgo Durán**, con domicilio na Praza Maior nº 1, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Praza Maior nº 1, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 07-05-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Juan Carlos González Loeda**, con domicilio na Estrada de Francelos nº 34, 2º A, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Estrada de Francelos nº 34, 2º A, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.



E visto que en data de 20-05-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

**ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Hijos de Ángel Martínez, S.A.**, con domicilio en Valdepereira nº 43, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para nave industrial sita en Valdepereira nº 43, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.


E visto que en data de 07-05-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, con data RE 31 de maio de 2013 N° RE 2667, relativa a "*Expediente sancionador incoado contra Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A. y Ayuntamiento de Ribadavia*".
2. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 31 de maio de 2013 N° RE 2665, relativa a que os técnicos do Concello comprobren a realización das tarefas de mantemento preventivo do campo de fútbol pola empresa adxudicataria.
3. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, con data RE 29 de maio de 2013 N° RE 2633, relativa a conceder a autorización para a creación do centro de servizos sociais de referencia.
4. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 29 de maio de 2013 N° RE 2637, relativa a remisión de certificación do acordo de aprobación das bases reguladoras para a cooperación cos concellos da provincia en materia de entrega e instalación de bancos e marquesiñas.
5. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 29 de maio de 2013 N° RE 2635, relativa a resolución de aprobación de adhesión ao convenio marco para a



concesión de subvencións da Deputación Provincial de Ourense a concellos e mancomunidades para a contratación de choferes de máquinas rozadoras durante o ano 2013.

## 5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

### RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL.-

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2013, e detectado erro amterial, onde di:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licencia de parcelación non urbanística ou de división a Dona M<sup>a</sup> del Carmen Domínguez Fernández, para finca sita na Estrada Antiga N-120 n<sup>o</sup> 68, 70 e 72, en Valdepereira – San paio, co seguinte grado de detalle:


*“Na actualidade hai tres parcelas: a parcela con referencia catastral n<sup>o</sup> 2941607NG7824S0001EQ ten unha superficie total de 1.783,00 m<sup>2</sup>, dos cales 186,00 m<sup>2</sup> están ocupados por unha vivenda e tres galpóns; a parcela con referencia catastral n<sup>o</sup> 2941606NG7824S0001JQ ten unha superficie de 1.500,00 m<sup>2</sup>, dos cales 205,00 m<sup>2</sup> están ocupados por unha vivenda e por un galpón; e a parcela con referencia catastral n<sup>o</sup> 2941605NG7824S0001IQ ten unha superficie total de 217 m<sup>2</sup>, e non conta con construcións.*

*Como resultado da agrupación das tres parcelas antes descritas quedaría unha parcela matriz de superficie total 3.500 m<sup>2</sup>, que contaría con dúas vivendas e catro galpóns. Dita parcela matriz subdivídese en dúas parcelas, con fachada principal ao vial público, ditas parcelas resultantes son as seguintes:*

	<i>SUPERFICI E TOTAL</i>	<i>FONDO NETO</i>	<i>FRONTE DE FACHADA</i>
<i>PARCELA RESULTANTE A</i>	<i>1.889 m<sup>2</sup></i>	<i>64,00 m</i>	<i>22,31 m</i>
<i>PARCELA RESULTANTE B</i>	<i>1.611 m<sup>2</sup></i>	<i>58,12 m</i>	<i>20,77 m</i>

*A parcela resultante A, ten unha superficie total de solo de 1.889 m<sup>2</sup>, e conta cunha vivenda de 338 m<sup>2</sup> de superficie construída, un galpón n<sup>o</sup> 1 de 23 m<sup>2</sup> de superficie construída, un galpón n<sup>o</sup> 2 de 20 m<sup>2</sup> de superficie construída, e un galpón n<sup>o</sup> 3 de 16 m<sup>2</sup> de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.*

*A parcela resultante B, ten unha superficie total de solo de 1.611 m<sup>2</sup>, e conta cunha vivenda de 378 m<sup>2</sup> de superficie construída e un galpón de 23 m<sup>2</sup> de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.”*



Debe dicir:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenzia de parcelación non urbanística ou de división a Dona M<sup>a</sup> del Carmen Domínguez Fernández, para finca sita na Estrada Antiga N-120 n<sup>o</sup> 68, 70 e 72, en Valdepereira – San paio, co seguinte grado de detalle:

*“Na actualidade hai tres parcelas: a parcela con referencia catastral n<sup>o</sup> 2941607NG7824S0001EQ ten unha superficie total de 1.783,00 m<sup>2</sup>, dos cales 186,00 m<sup>2</sup> están ocupados por unha vivenda e tres galpóns; a parcela con referencia catastral n<sup>o</sup> 2941605NG7824S0001LQ ten unha superficie de 1.500,00 m<sup>2</sup>, dos cales 205,00 m<sup>2</sup> están ocupados por unha vivenda e por un galpón; e a parcela con referencia catastral n<sup>o</sup> 2941606NG7824S0001JQ ten unha superficie total de 217 m<sup>2</sup>, e non conta con construcións.*

*Como resultado da agrupación das tres parcelas antes descritas quedaría unha parcela matriz de superficie total 3.500 m<sup>2</sup>, que contaría con dúas vivendas e catro galpóns. Dita parcela matriz subdivídese en dúas parcelas, con fachada principal ao vial público, ditas parcelas resultantes son as seguintes:*

	<i>SUPERFICIE TOTAL</i>	<i>FONDO NETO</i>	<i>FRONTE DE FACHADA</i>
<i>PARCELA RESULTANTE A</i>	<i>1.889 m<sup>2</sup></i>	<i>64,00 m</i>	<i>22,31 m</i>
<i>PARCELA RESULTANTE B</i>	<i>1.611 m<sup>2</sup></i>	<i>58,12 m</i>	<i>20,77 m</i>

*A parcela resultante A, ten unha superficie total de solo de 1.889 m<sup>2</sup>, e conta cunha vivenda de 338 m<sup>2</sup> de superficie construída, un galpón n<sup>o</sup> 1 de 23 m<sup>2</sup> de superficie construída, un galpón n<sup>o</sup> 2 de 20 m<sup>2</sup> de superficie construída, e un galpón n<sup>o</sup> 3 de 16 m<sup>2</sup> de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.*


*A parcela resultante B, ten unha superficie total de solo de 1.611 m<sup>2</sup>, e conta cunha vivenda de 378 m<sup>2</sup> de superficie construída e un galpón de 23 m<sup>2</sup> de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.”*

#### **CONTRATO MENOR SUMINISTRO PRODUCTOS QUÍMICOS PISCINA.-**

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación relativo a suministro productos químicos piscina, por un importe máximo de 2.500 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 31.05.2013.
- Prego de prescripcións técnicas de data 21.05.2013.
- Oferta económica presentada pola empresa Rio Blanco S.L. de data 27.05.2013.



A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar un gasto por importe de 2.500,00 € IVE incluído.
2. Adxudicar a empresa Rio Blanco S.L. o contrato de suministro de produtos químicos e outros para as piscinas de xestión directa do concello.

**CAMBIO TITULARIDADE LICENCIA RIB/N/14/13.-**

Vista a solicitude de Don Xoan González Fernández con data de RE 13 de novembro de 2012 e Nº RE 5620 relativo a cambio da titulariedade de local para “reparación de neumáticos e lavado manual de automóbiles” sito na Rúa Ribeiro nº 39, baixo dereita (Ref. Catastral 06276/11), en Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local **COMPROBADO** que o local conta coa preceptiva licenza sen que a mesma estea caducada, ademais de que non existe modificación da actividade que se vai a realizar que deba proceder o pago do importe do Imposto de Actividades Económicas a ingresar na tesourería mediante liquidación do Interventor de data 3 de xuño de 2013 de 391,15 euros e que consta informe da Arquitecto Municipal de que a actividade de reparación de neumáticos e lavado manual de automóbiles cumpre a normativa actual para o exercicio da mesma **RESULTANDO** que a normativa vixente permite a transmisión da titulariedade de licencias de actividade.


**ACORDA** tomar coñecemento do cambio de titulariedade do local sito na Rúa Ribeiro nº 39, baixo dereita, en Ribadavia, con licenza para “reparación de neumáticos e lavado manual de automóbiles” a favor de Don Xoán González Fernández, S.L. o tratarse dun acto de mera comunicación do art. 42.1º da Lei 30/92.

**APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO IBI.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de natureza urbán correspondente o exercicio de 2013, por importe total de 667.667,09 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 20 de Xuño e o 31 de Agosto de 2013, ámbolos dous inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de natureza rústica correspondente o exercicio de 2013, por importe total de 446,96 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 20 de Xuño e o 31 de Agosto de 2013, ámbolos dous inclusive.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de características especiais correspondente o exercicio de 2013, por importe total de 31.367,96 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 20 de Xuño e o 31 de Agosto de 2013, ámbolos dous inclusive.”



**ORDE DO 8 DE MAIO DE 2013 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA OS OBRADOIROS DE EMPREGO DENTRO DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACION DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.-**

“Vista a Orde do 8 de maio de 2013 polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOGA nº 93, de 16 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención e prestar aprobación o proxecto solicitado, dando traslado do mesmo a Consellería de Traballo e Benestar.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.

**CERTIFICACIÓN Nº4 DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACION DA AREA RECREATIVA DA VERONZA-O XESTAL”.-**

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 4 da obra denominada “Rehabilitación da area recreativa da Veronza-O Xestal”, redactada polo técnico director da obra Dona Maria Escudeiro Rossignou, executado pola empresa Serviterra Enxeñería S.L., por un importe total de 3.963,03 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 4, anteriormente indicada por importe de 3.963,03 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Ribadavia.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Serviterra Enxeñeira S.L., co nº 130012 , de data 03.06.13, pola mesma cantidade.”

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

